

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### MOAÑA

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS, DECLARACIÓNS RESPONSABLES E NO OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.*

O Pleno da Corporación do Concello de Moaña aprobou provisionalmente o día 26 de maio de 2016 a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de apertura de establecementos.

Publicado o anuncio no BOPPO nº 113, do 14 de xuño, e transcorrido o prazo de 30 días hábiles para reclamacións e suxestións, o Pleno da Corporación do Concello de Moaña, en sesión ordinaria do 28 de xullo de 2016 e tralo ditame favorable da Comisión de Facenda e de acordo cos informes técnicos, acordou admitir a trámite as alegacións presentadas, desestimálas de acordo cos informes emitidos ao respecto, e aprobar e publicar o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, momento no que entrará en vigor.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procédese á publicación do seu texto íntegro:

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS, DECLARACIÓNS RESPONSABLES E NO OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS**

##### *ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, acórdase a imposición da taxa por intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de apertura de establecementos, a que se refire o artigo 20.4i) do propio real decreto legislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no art. 57 do citado real decreto legislativo.



**ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito impoñible as actuacións municipais desenvolvidas con motivo da apertura de establecementos para a verificación de que estes reúnen as condicións requiridas polas ordenanzas municipais, lexislación urbanística e sectorial de aplicación con carácter previo no caso de concesión de licenzas e posterior control nos casos en que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de comunicación previa ou declaración responsable.

**ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO**

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, xeral tributaria, titulares da actividade que se pretenda desenvolver ou, se é o caso, que se desenvolva no establecemento.

**ARTIGO 4º.—RESPONSABLES**

1.—Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, xeral tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarias as persoas ou entidades sinaladas no artigo 43 da Lei 58/2003, xeral tributaria.

**ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA E TARIFAS**

A cota tributaria das comunicacións previas, declaracións responsables e licenzas de actividades e apertura de establecementos determinarase en función das tarifas que seguen:

1.—Por cada comunicación previa, declaración responsable ou licenza de actividade ou apertura para un local ou superficie a ceo aberto:

- a) Establecementos de ata 100 m<sup>2</sup>: 250,00 €.
- b) Establecementos entre 100 m<sup>2</sup> e 200 m<sup>2</sup>: 350,00 €
- c) Establecementos entre 200 m<sup>2</sup> e 400 m<sup>2</sup>: 500,00 €
- d) Establecementos de máis de 400 m<sup>2</sup>: 250,00 € por cada 100 m<sup>2</sup> ou fracción.
- e) Actividades que afectan ao medio ambiente, á seguridade das persoas ou a espectáculos e actividades recreativas e outras de tramitación especial en establecementos de ata 100 m<sup>2</sup>: 600,00 €.
- f) Actividades que afectan ao medio ambiente, á seguridade das persoas ou a espectáculos e actividades recreativas e outras de tramitación especial en establecementos entre 100 m<sup>2</sup> e 200 m<sup>2</sup>: 850,00 €



g) Actividades que afectan ao medio ambiente, á seguridade das persoas ou a espectáculos e actividades recreativas e outras de tramitación en establecementos entre 200 m<sup>2</sup> e 400 m<sup>2</sup>: 1.025 €.

h) Actividades que afectan ao medio ambiente, a seguridade das persoas ou a espectáculos e actividades recreativas e outras de tramitación especial en establecementos de máis de 400 m<sup>2</sup>: 600,00 euros por cada 100 m<sup>2</sup>.

2.—Cando se trate de ampliación de superficie para dedicar a unha actividade en curso, a cota tributaria determinarase en función da superficie que haxa que ampliar, aplicando a tarifa que corresponda das sinaladas no apartado precedente deste artigo.

3.—As persoas titulares de actividades en curso están obrigadas a presentar a correspondente solicitude, declaración responsable ou comunicación previa, nos seguintes casos:

a) Cambio de titularidade.

b) Cambio de actividade.

c) Modernización ou substitución de instalacións que non supoña modificación das características técnicas en relación á potencia, emisión de fumes e olores, ruídos e vibracións, axentes contaminantes e outros previstos na normativa de aplicación.

d) Ampliación de actividades sen modificación de superficie.

Nestes supostos aboaranse as seguintes taxas:

3.1.—Actividades que non afecten ao medio ambiente, á seguridade das persoas ou a espectáculos e actividades recreativas nin estean sometidas a outra tramitación especial, segundo as superficies seguintes:

De ata 50 m <sup>2</sup> .....	—90,00 €
De 51 m <sup>2</sup> a 100 m <sup>2</sup> .....	—105,00 €
De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup> .....	—125,00 €
De 201 m <sup>2</sup> a 500 m <sup>2</sup> .....	—175,00 €
De 501 m <sup>2</sup> a 1.000 m <sup>2</sup> .....	—350,00 €
De 1.001 m <sup>2</sup> a 2.000 m <sup>2</sup> .....	—695,00 €
De 2001 m <sup>2</sup> a 5.000 m <sup>2</sup> .....	—1.350,00 €
De máis de 5.000 m <sup>2</sup> .....	—1.500,00 €



3.2.—Actividades que afecten ao medio ambiente, á seguridade das persoas ou a espectáculos e actividades recreativas ou outras de tramitación especial, segundo as superficies seguintes:

De ata 50 m2.....	—175,00 €
De 51 m2 a 100 m2.....	—209,00 €
De 101 m2 a 200 m2.....	—262,00 €
De 201 m2 a 500 m2.....	—350,00 €
De 501 m2 a 1.000 m2.....	—695,00 €
De 1.001 m2 a 1.500 m2.....	—1.050,00 €
De 1.501 m2 a 2.000 m2.....	—1.250,00 €
De 2.001 a 3.500 m2.....	—1.500,00 €
De 3.501 a 5.000 m2.....	—1.500,00 €
De 5.001 a 6.000 m2.....	—1.500,00 €
De máis de 6.000 m2.....	—1.500,00 €

4. Entenderase por local para efectos desta ordenanza, toda superficie que ocupen as persoas titulares das explotacións comerciais ou industriais cuberta con edificación ou descuberta.

5. O custo das publicacións de edictos nos boletíns oficiais, para aquelas actividades que o necesiten, serán por conta da persoa interesada, que deberá reintegralo nas arcas municipais tras o requirimento dos servizos municipais.

6. No caso de renuncia ou desestimación formulada pola persoa interesada, no prazo de quince días hábiles dende a presentación da solicitude de licenza, comunicación previa ou declaración responsable, terá dereito á devolución das seguintes porcentaxes sobre as cantidades aboadas:

a) No caso de solicitude de licenzas: 50%, sempre que non se teña adoptado acordo ningún ao respecto.

b) No caso de comunicacións previas ou declaracións responsables: 50%, sempre que non se teña iniciado a actividade de comprobación.



O estado de tramitación do expediente acreditarase mediante informe emitido polo Departamento de Urbanismo.

#### *ARTIGO 6º.—EXENCIONES E BONIFICACIONES*

##### *EXENCIONES:*

Non se concederán outras exencions que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados ou acordos internacionais.

##### *BONIFICACIONES:*

Gozarán dunha bonificación do 95% das taxas reguladas na presente ordenanza os suxeitos pasivos que se atopen en situación de emerxencia social, previamente acreditada ante os Servizos Sociais do Concello (coa documentación que sexa requirida polos mesmos) e informe favorable daqueles.

#### *ARTIGO 7º.—DEVINDICACIÓN*

1.—Devindicarase a taxa e nace a obriga de contribuír desde que se inicia a prestación do servizo, que será cando se presente a comunicación previa ou a declaración responsable ou se solicite a oportuna licenza.

2.—Cando as actuacións reguladas na presente ordenanza tivesen lugar sen ter obtido a oportuna licenza, ou presentado a declaración responsable ou comunicación previa, a taxa Devindicarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se aquelas reúnen ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación dos expedientes administrativos ou de carácter sancionador que poidan instruírse.

#### *ARTIGO 8º.—DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO*

1.—As persoas interesadas na realización das actividades descritas presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude de licenza, comunicación previa ou declaración responsable, de acordo cos modelos aprobados na ordenanza do Concello de Moaña reguladora do procedemento de tramitación de licenzas urbanísticas e outros procedementos de intervención administrativa.

Xunto coa solicitude, ademais da documentación sinalada nos modelos, deberán achegar a seguinte documentación:

- Actividades clasificadas: proxecto por triplicado.



- Xustificante de alta do local no imposto sobre bens inmobles ou último recibo acreditativo do pagamento do imposto sobre bens inmobles.
- Documento acreditativo da alta nos padróns de lixo, auga e saneamento ou último recibo pagado.

2.—No momento de presentar a solicitude de licenza, comunicación previa ou declaración responsable, efectuarase autoliquidación por importe da cota prevista nesta ordenanza, que a persoa interesada deberá ingresar nas entidades financeiras e de cobro debidamente autorizadas. Non se admitirá a trámite ningunha solicitude sen o xustificante de ingreso da autoliquidación.

3.—Rematada a actividade municipal, practicarase, de ser o caso, a liquidación definitiva correspondente, deducíndose desta o importe ingresado de acordo co parágrafo anterior, con independencia da iniciación dos expedientes administrativos ou de carácter sancionador que se poidan instruír.

#### *ARTIGO 9º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS*

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.

#### *DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA*

As modificacións que se introduzan na regulación do establecido nesta ordenanza pola Lei de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, se é o caso, a correspondente modificación tácita desta ordenanza fiscal.

#### *DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA*

Apartir da entrada en vigor da presente ordenanza fiscal, quedará derogada a anteriormente vixente, aprobada polo Pleno da Corporación na data do 22 de decembro de 2004.

#### *DISPOSICIÓN FINAL*

A presente ordenanza fiscal, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 28 de xullo de 2016, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresa ou tácita.

Moaña, 16 de agosto de 2016. A alcaldesa: Leticia Santos Paz.

